



MEDIDAS DE APOIO PARA AUTÓNOMOS POR CAUSA DO COVID- 19.

→ A NIVEL LOCAL

Suspensión da emisión do cobro das taxas e prezos públicos por servizos, actividades ou ocupacións do espazo público que actualmente se atopan suspendidas, prohibidas ou afectadas pola situación derivada do estado de alarma polo COVID-19.

Suspensión do calendario fiscal do Concello de Bueu para o exercicio 2020, agás o padrón fiscal do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Ampliación do prazo de pagamento do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM) que se poderá aboar ata o 27 de maio, é dicir, un mes máis.

Ampliación do prazo de pagamento en período voluntario de liquidacións, providencias de constrinximento e dilixencias de embargo.

+ info: <https://concellodebueu.gal/wp-content/uploads/2020/03/DECRETO-2020-0440-RESOLUCION-TRIBUTOS.pdf>

→ A NIVEL AUTÓNOMICO

Loita contra o Covid-19: Novo servizo de información para empresas e autónomos

A Xunta de Galicia vén de poñer en marcha unha aplicación móbil (App), a través da plataforma Gohu.

A aplicación pon á disposición das persoas usuarias, de maneira totalmente gratuíta, información de todas as axudas e as principais normativas e circulares vinculadas á problemática do coronavirus que a Xunta ten aprobado, e que se verán implementadas en próximas datas con novas iniciativas nas que se está a traballar. De igual xeito, a través da plataforma tamén se ofrece información das principais novidades trasladadas desde a Administración Xeral do Estado.



+ info en : <http://oficinadoautonomo.gal/gl/aplicacion-de-comunicacion-oficina-do-autonomo>.

Nova liña de financiamento a pemes e autónomos: préstamos avalados no contexto actual do brote do coronavirus Covid-19

Este programa específico pretende que empresas e autónomos poidan atender as súas necesidades máis inmediatas: pago de salarios, facturas, alugueres e impostos. Cubrirá entre 3.000 e 200.000 euros por negocio e o Goberno galego bonificará o 100% dos xuros. O prazo máximo do préstamo a avalar será de catro anos, incluíndo un ano de carencia.

+ info: <http://www.igape.es/gl/base-xeral-de-axudas/ficha/IGAP393>.

Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e diversas entidades financeiras para a formalización de anticipos de prestacións por desemprego con orixe en expedientes de regulación temporal de emprego consecuencia da crise económica provocada polo COVID-19 (código de procedemento TR820X).

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, subscribiu un Convenio de colaboración con diversas entidades financeiras para a formalización de anticipos de prestacións por desemprego con orixe en expedientes de regulación temporal de emprego (ERTE) consecuencia da crise económica provocada polo COVID-19.

A ORDE do 24 de abril de 2020 da Consellería de Economía, Emprego e Industria regula o procedemento e se aproba e se dá publicidade ao modelo de comunicación destes anticipos regulados.

+ info: <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=TR820X&ano=2020&numpub=1&lang=gl>.



- **A NIVEL ESTATAL**

Aprazamento do pago da renda nos arrendamentos de local de negocio

- *Se o arrendador é “ gran tenedor” (unha empresa, ou titular de máis de 10 inmobles urbanos ou dunha superficie construída de mais de 1500 m²):*

Requisitos: Estar afiliado e en situación de alta e que a súa actividade quedara suspendida ou se reducira a facturación alomenos nun 75%.

Solicitar o aprazamento antes do 23 de maio de 2020.

Poderanse aprazar todas as mensualidades mentres dure o estado de alarma e ata 4 meses máis. A renda aprazada pagarase fraccionadamente no prazo de 2 anos a contar dende que finalice o aprazamento (e dentro sempre do prazo de vixencia do contrato).

- *Se o arrendador non é un “gran tenedor”:*

Permítese dispor da fianza para o pagamento dalgunha mensuralidade, e deberá ser repostada no prazo de 1 ano.

A posibilidade de aprazamento ou rebaixa da renda non é obrigatoria para o arrendador.

Posibilidade de renunciar ao réxime de módulos.

Os traballadores autónomos nesta modalidade poderán calcular os seus rendementos en 2020 por estimación directa en IRPF e IVE; permitíndolle ter en conta os ingresos actuais.

Flexibilización dos pagos fraccionados.

- **IVE E IRPF EN MÓDULOS:** Non computarán, en cada trimestre, como días de exercicio de actividade, aqueles nos que estivera vixente o estado de alarma.

Medidas para reforzar o financiamento empresarial

Os beneficiarios de subvencións ou axudas outorgadas polo IDAE afectados por períodos de inactividade ou redución do volume de vendas como consecuencia do



COVID 19, poderán solicitar o aprazamento das cotas correspondentes aos meses de marzo, abril, maio e xuño.

Ampliación do prazo de presentación e ingreso das declaracións e autoliquidacións dos impostos.

Coa publicación do Real- Decreto lei 14/2020 acaba de ampliarse o prazo de presentación e ingreso das declaracións e autoliquidacións dos impostos para todos aqueles autónomos e pemes cun volume de operacións non superior a 600000 € no 2019.

Se a forma de pago elixida é a domiciliación, o prazo de presentación das autoliquidacións estenderase ata o 15 de maio de 2020.

Esta ampliación do prazo enténdese no ámbito das competencias da Administración tributaria do Estado, é dicir, no ámbito do imposto sobre a Renda das persoas Físicas, imposto sobre o Valor Engadido e o imposto sobre Sociedades cuxo vencemento se produza entre a entrada en vigor do mesmo e ata o 20 de maio de 2020.

Liñas de avais para autónomos para paliar os efectos económicos do COVID -19.

O Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital outorgará avais ao financiamento concedido por entidades de crédito e establecementos financeiros de crédito a empresas e traballadores autónomos. Poderanse conceder avais por un importe máximo de 100.000 millóns de euros.

Prestación extraordinaria por cese de actividade.

Aqueles traballadores autónomos cuxas actividades queden suspendidas de maneira directa pola declaración do estado de alarma, terán dereito á prestación extraordinaria por cese de actividade.

También terán dereito á mesma os traballadores autónomos que, aínda que non se viran afectados de maneira directa pola declaración do estado de alarma, poidan acreditar que a súa facturación reduciuse alomenos un 75%.



Requisitos:

- Atoparse de alta no RETA ou no Réxime Especial dos Traballadores do Mar na data de declaración do estado de alarma.
- Atoparse ao corrente do pagamento das cotas da Seguridade Social. En caso contrario, concederáse un prazo de trinta días naturais para ingresar as cotas sin perder o dereito á prestación.
- Acreditar, de ser o caso, a diminución da facturación do 75%.

Contía:A contía da prestación é do 70% da base reguladora media dos últimos 180 días ou, en caso de non acreditar este periodo mínimo de cotización, o 70% da base mínima.

Duración:A duración inicial da prestación é **dun mes** e poderá ampliarse ata o último día do mes no que finalice o estado de alarma se este se prorroga e a súa duración é superior a un mes.

Cotización mentres estea vivente a prestación: O periodo durante o que se recibe a prestación, entenderase como cotizado e non reducirá os períodos de prestación por cese de actividade aos que o beneficiario puidera ter dereito. A persoa traballadora autónoma non terá que pagar a cota.

[Aprazamento de débedas tributarias.](#)

Real Decreto-lei 7/2020, do 12 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para responder ao impacto económico do COVID-19.

No ámbito das competencias da Administración tributaria do Estado, para os efectos dos aprazamentos aos que se refire o artigo 65 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, concederáse o aprazamento do ingreso da débeda tributaria correspondente a todas aquelas declaracións/liquidacións e autoliquidacións cuxo prazo de presentación e ingreso finalice desde a data de entrada en vigor do presente real decreto ley e ata o día 30 de maio de 2020, ambos inclusive, sempre que as solicitudes presentadas ata esa data reúnan os requisitos aos que se refire o artigo 82.2.a) da Lei anterior.



- Este aprazamento será aplicable tamén ás débedas tributarias ás que fan referencia as letras b), f) e g) do artigo 65.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- Será requisito necesario para a concesión do aprazamento que o debedor sexa persoa ou entidade con volume de operacións non superior a 6.010.121,04 euros no ano 2019. Póde solicitalo o propio titular ou un terceiro que actúe no seu nome (xa sexa colaborador social ou un apoderado para realizar o trámite).

As condicións do aprazamento serán as seguintes:

- O prazo será de seis meses.
- Non se devengarán intereses de demora durante os primeiros tres meses do aprazamento.
- Pódese aprazar ata 30.000 €.
- O período será desde o 13 de marzo ao 30 de maio.
- O aprazamento solicitarase polos procedementos habituais ao presentar a correspondente autoliquidación, marcando a casa recoñecemento de débeda. Posteriormente presentarase a solicitude de aprazamento en “Trámites destacados Aprazamento e fraccionamento de débedas”.
- Encheranse os campos do Obrigado tributario, débeda a aprazar, e domiciliación bancaria.
- Enchemento dos seguintes campos:
- Tipo de garantía: hai que indicar Exención
- Número de prazos: indicaremos 1 (se o facemos dunha soa vez),



- Periodicidade: non procede
- Data do primeiro prazo: contaremos desde a data límite do ingreso en prazo (por exemplo, o 20 de abril se é liquidación do primeiro trimestre de IVE/IVE) ata o tempo que queiramos o aprazamento, se queremos o máximo de 6 meses indicaremos que a data será o vinte de outubro.
- Motivo: APRAZAMENTO RDL

Moratoria e aprazamento nas cotas da Seguridade Social.

Os autónomos nos que concorran as condicións establecidas para o acceso tanto ás moratorias como aos aprazamentos, poderán:

Solicitar ata o 10 de abril o aprazamento no pago das cotas correspondentes ao mes de abril de 2020.

Solicitar dende o día 1 ata o 10 de maio, a moratoria de 6 meses, sen xuros, no pagamento da cota do mes de maio ou, no seu defecto, o aprazamento das cotas do mes de maio; o que implicaría o ingreso en prazo regulamentario das cotas por accidente de traballo e enfermidade profesional.

Solicitar dende o día 1 ata o 10 de xuño, a moratoria de 6 meses, sen xuros, no pagamento da cota do mes de xuño ou, no seu defecto, o aprazamento das cotas do mes de xuño; o que implicaría o ingreso en prazo regulamentario das cotas por accidente de traballo e enfermidade profesional.

Solicitar dende o día 1 ata o 10 de xullo, a moratoria de 6 meses, sen xuros, no pagamento da cota do mes de xullo.

Estas solicitudes deberán presentarse polo sistema RED, no caso de autónomos que teñan autorizado RED. Para os outros casos, as solicitudes deberán ser presentadas por sede electrónica da Seguridade Social (SEDESS).



- Poderán demorar o seu pago sen intereses nin recargas das cotizacións que deban efectuarse nos meses de maio, xuño e xullo. Estas cotas deberanse abonar seis meses despois.
- A moratoria non será de aplicación para as empresas que fosen exoneradas de pagar cotizacións sociais polos seus traballadores afectados por ERTes por forza maior a causa do coronavirus.
- Ademais as empresas e autónomos que puidesen non ter dereito á moratoria tamén poderán solicitar o aprazamento antes mencionado ao 0,5% durante os períodos de pago de maio e xuño.

Actividades económicas que poderán acollerse á moratoria no pagamento das cotizacións sociais entre aquelas que non se atopan suspendidas con ocasión do estado de alarma, segundo código CNAE-2009:

119 (Outros cultivos no perennes).

129 (Outros cultivos perennes).

1812 (Outras actividades de impresión e artes gráficas).

2512 (Fabricación de carpintería metálica).

4322 (Fontanería, instalacións de sistemas de calefacción e aire acondicionado).

4332 (Instalación de carpintería).

4711 (Comercio minorista en establecementos non especializados, con predominio en produtos alimenticios, bebidas e tabaco).

4719 (Outro comercio minorista en establecementos non especializados).

4724 (Comercio minorista de pan e produtos de panadería, confitería e pastelería en establecementos especializados).

7311 (Axencias de publicidade).

8623 (Actividades odontolóxicas).

9602 (Perruquería e outros tratamentos de beleza).



Flexibilización dos expedientes de regulación temporal de emprego (ERTE) por forza maior.

Poderán utilizar este instrumento os autónomos que teñan traballadores ao seu cargo e se vexan obrigados a suspender ou cancelar actividades a causa do Coronavirus.

Flexibilízase o procedemento para a tramitación dos ERTEs por forza maior derivados da declaración do estado de alarma, os pasos para seguir son:

- Solicitude da empresa ante a Autoridade Laboral, acompañada da memoria explicativa das causas e dun informe relativo á vinculación da perda de actividade co COVID-19, así como a documentación acreditativa. A solicitude deberá ser comunicada ás persoas traballadoras e, en caso de existir, á representación legal destas.
- A Autoridade Laboral deberá constatar a existencia da forza maior e resolver no prazo de cinco días desde a solicitude. Ademais, poderá solicitar ou non informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social, que deberá emitirse no prazo de cinco días.

Cotización a cargo da empresa durante o tempo que se manteña a suspensión ou a redución de xornada.

- O traballador autónomo ou a empresa quedará exonerado de ingresar as cotas a cargo da empresa.
- Esta exoneración non é automática, senón que deberá solicitarse á Seguridade Social, acreditando que se trata dun ERTE por forza maior por Coronavirus.
- Ademais, a exoneración está vinculada ao mantemento dos contratos durante polo menos seis meses unha vez finalice a situación de forza maior.

Traballadores afectados pola suspensión do contrato laboral ou pola redución da xornada



Estes traballadores terán dereito a percibir a prestación por desemprego, mesmo cando non cumprisen co requisito do período de carencia esixido para o acceso á mesma.

Ademais, o tempo durante o cal perciban a prestación non computará nin se descontará dos períodos xerados anteriormente para o acceso á prestación por desemprego.

Tampouco se reducirá o tempo de percepción da prestación aínda cando a súa solicitude sexa extemporánea, é dicir, que se presente unha vez transcorridos os 15 días do prazo de solicitude.

Flexibilización dos contratos de gas e electricidade.

Para locais de traballadores por conta propia con inclusión deste colectivo no bono social.

Moratoria no pagamento da hipoteca da vivenda habitual

Considérase aos autónomos que cesaron a súa actividade ou sufriron unha perda substancial de ingresos ou vendas como persoas vulnerables que poden acollerse á moratoria do pago da hipoteca.

Bastaría, neste caso con achegar un certificado expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria ou o órgano competente da Comunidade Autónoma, no seu caso, sobre a base da declaración de cesamento de actividade declarada polo interesado.